



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 08/05/2020, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 1º trimestre do 2020 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 09/05/2020 ata o 08/07/2020. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a existencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a existencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 8 de maio de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0837

MURAS

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo foron atendidas no mes de Decembro de 2019.

Vista a factura emitida pola empresa prestadora do servizo na que se comproba que durante o mes de outubro de 2019 a un usuario se lle prestou o servizo pero non se lle cobrou por ditas horas prestadas.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Decembro de 2019 e as horas complementarias correspondentes á factura complementaria do mes de outubro de 2019, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Decembro de 2019. O padrón correspondente ao mes de Decembro consta de 54 contribuíntes (18 de libre concorrência e 36 de dependencia) e un importe total de 5.119,55 € (1.676,87 € persoas usuarias de libre concorrência e 3.442,68€ persoas usuarias de dependencia).

SEGUNDO- Aprobar e liquidar o importe correspondente a esas horas sen facturar do mes de outubro de 2019 por parte da empresa prestadora que afecta a 1 contribuínte de Saf -Libre concorrência, por importe total de 37,30 €.

TERCEIRO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CUARTO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

QUINTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

SEXTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado 21 de febreiro de 2020 polo Sr. Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

R. 0838

OUIROL

Anuncio

O sr. alcalde-presidente do concello de Ouiról emitiu o decreto 54/2020, de data vinte e nove de abril que literalmente di:

“Visto que con data 14 de marzo de dous mil vinte publicouse no DOG a Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, que nos seus puntos sétimo e oitavo sinalaba a suspensión da actividade durante 14 días naturais, contados desde a publicación deste acordo no DOG, de todos os establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas incluídos no anexo do Decreto 124/2019, de 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia, e entre elas inclúense (...) “Restaurantes..., cafeterías,.... Bares...”.

Con data trece de marzo de dous mil vinte o sr. Alcalde-presidente ditou o decreto 42/2020, como consecuencia da evolución do COVID-19, no que pechaba ao público o Centro de fisioterapia.

Con data catorce de marzo de dous mil vinte, o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. No seu artigo 10.3 sinala “suspende a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos nos que se desenvolvan espectáculos públicos, as actividades deportivas e de lecer”, e remite ao seu anexo, “Lista de equipos e actividades cuxa apertura ao público queda suspendida de acordo ao establecido no artigo 10.3”, e no que se inclúe, entre outras, e para o caso que nos ocupa, (...) “De hostalería e restauración: Tabernas e adegas, Cafeterías, bares, café-bares e asimilables...”.

Con data vinte e nove de marzo de dous mil vinte, publicouse o Real Decreto-Ley 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, que de facto supuxo a imposibilidade de desenvolver determinadas actividades adicionais ás definidas no anexo do RD 463/2020, entre os días 30/03/2020 e o 08/03/2020.

Visto que as autorizacións de uso de locais e espazos municipais, así como, a realización de actividades e prestación de servizos municipais, atópanse suspendidos por causa do COVID-19, ben por decisión do concello ou ben por imposición doutras administracións de ámbito superior, o certo é que estas actuacións implican o pagamento de taxas ou prezos públicos establecidos polo concello.

Visto que o servizo de recollida do lixo é un servizo de recepción obrigatoria, estase a producir unha situación semellante a outras figuras tributarias e prezos públicos afectados, posto que a causa de que o servizo non se preste ou desenvolva aos afectados, non depende da súa vontade ou non é imputable aos suxeitos pasivos, senón a unha decisión da Administración que llo impide. Xa que determinados suxeitos pasivos non se atopan en disposición de poder utilizar os servizos por causas alleas á súa vontade, baseadas en decisións da Administración, ao obrigarlles a pechar as súas instalacións, polo que hai un impedimento efectivo para realizar a actividade nos locais sobre os que descansa o feito imponible destas taxas.

Á vista do anteriormente sinalado e visto o informe de Secretaría-Intervención, e de conformidade coa normativa vixente en materia de réxime local que lle confire á Alcaldía a dirección política, o goberno e a administración municipal, adopción de decisións en situacións de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco e desenvolvemento da xestión económica de conformidade co orzamento vixente,

RESOLVO:

1º.- Recoñecer que se dá o suposto recollido no artigo 46.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e polo tanto non procede esixir o prezo público, ou no seu caso proceder á devolución do prezo público que grava a actividade ou servizo que presta o concello de Ourense, dende o 13/03/2020 e ata o momento en que se produza o levantamento das suspensións impostas pola declaración do estado de alarma, para o seguinte suposto:

- Servizo de fisioterapia

2º.- Recoñecer que non ten lugar o feito imponible que se recolle no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e polo tanto, segundo o artigo 12 da Lei 8/1989, do 13 de abril, non procede esixir ou procede devolver no seu caso, as taxas que gravan as actividades ou servizos que presta o concello de Ourense que se realicen entre o 13/03/2020 e o momento en que se produza o levantamento das suspensións impostas pola declaración do estado de alarma, entendendo aplicable as excepcións previstas na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 30 de abril de 2008, para a seguinte figura e coas seguintes condicións:

- Taxa pola recollida do lixo. Afectará as actividades suspendidas polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e/ou Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Neste caso será precisa a solicitude previa dos interesados, e acreditarase mediante a presentación da declaración censal ou certificado da AEAT do IAE da anualidade do 2020, cuxo epígrafe se axuste ás actividades suspendidas. No caso de que as solicitudes se presenten con posterioridade ao fin do prazo de pagamento e xa se tivera producido este, procederase á devolución correspondente.

3º.- O disposto nos puntos anteriores terá unha vixencia a contar dende o trece de marzo de dous mil vinte e mentres dure o estado de alarma.

4º.- Que o prazo para a presentación das solicitudes se inicie dende o día seguinte ao que se faga pública esta resolución, sendo o prazo de presentación das mesmas de 15 días naturais dende a súa publicación. En todo caso, estas solicitudes deberán realizarse preferentemente de maneira telemática, agás aos obrigados a relacionarse por medios electrónicos.

5º.- Instar aos servizos municipais, encargados de xestionar e recadar os tributos e prezos públicos que se recollen no punto anterior, para que se tomen as medidas oportunas para que non se proceda á súa liquidación nos períodos e supostos mencionados, ou, de ser o caso, que se inicien os trámites para a devolución de oficio de ser aboados con anterioridade.

6º.- Dar publicidade do presente acordo para xeral coñecemento e ao pleno da corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Ouro, once de maio de dous mil vinte.- O alcalde-presidente, Asdº.- José Luis Pajón Camba.

R. 0839

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MARZO 2020

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 30 de abril de 2020 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de marzo 2020, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de marzo : 3698,25 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de maio de 2020 e o 01 de agosto de 2020. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 7 de maio de 2020.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0840

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Logo de acordar a continuación do procedemento e reanudación do prazo de presentación de instancias do proceso selectivo para a contratación dun oficial de 1ª carpinteiro e de tres peóns especialistas forestais, a través do programa “Fomento do Emprego 2019 da Excm. Deputación Provincial de Lugo, por Resolución da Alcaldía núm. 2020/070 de data 12 de maio, publícase o texto íntegro do dito acordo para o seu xeral coñecemento:

“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 2020/070:

En Ribeira de Piquín, a 12 de maio de 2020.

Asunto: Continuación do procedemento e reanudación do prazo para a presentación de instancias do proceso selectivo para a contratación dun oficial de 1ª carpinteiro e tres peóns especialistas forestais (Programa Fomento do Emprego 2019 da Excm. Deputación Provincial).

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2020 se aprobaron as bases que rexerán o proceso para a selección dun oficial de 1ª carpinteiro e tres peóns especialistas forestais, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa "Fomento do Emprego 2019 da Excma. Deputación Provincial de Lugo".

Visto que con data 13 de marzo de 2020 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 60, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establecéndose na súa Disposición Adicional Terceira a suspensión e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, durante a vixencia do actual estado de alarma.

Considerando o disposto no punto 4 da mencionada D.A. Terceira do RD 463/2020, esta Entidade Local considera indispensable para o funcionamento básico dos servizos a continuación do dito procedemento de selección e posterior contratación de persoal para a realización de tarefas imprescindibles e necesarias para o funcionamento dos servizos esenciais que presta o Concello de Ribeira de Piquín, dado a falta de medios personais para os servizos de obras públicas e protección do medio ambiente, incluíndo neste último a prevención e defensa contra os incendios forestais dado a estación do ano en que nos atopamos.

Considerando asimesmo que coa reanudación do prazo para a presentación de instancias do dito proceso selectivo non se prevé unha afluencia masiva de candidatos por praza, tendo en conta o escaso número de persoas desempregadas no noso concello. Asimesmo a celebración das probas selectivas terá lugar a partir do día 25 de maio de 2020 (coincidindo co inicio da fase 2), dada a vixencia da prórroga actual do estado de alarma.

*Por todo o anterior, e de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- Continuar coa tramitación do procedemento de selección dun oficial de 1ª carpinteiro e tres peóns especialistas forestais, a través do programa "Fomento do Emprego da Excma. Deputación Provincial de Lugo".

SEGUNDO.- Reanudar o cómputo do prazo para a presentación de instancias do proceso selectivo para a contratación dun oficial de 1ª carpinteiro e tres peóns especialistas forestais, a través do programa "Fomento do Emprego da Excma. Deputación Provincial de Lugo", e que comezará a computarse a partir do día seguinte á publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.- Deste acordo darase conta ao Pleno municipal na primeira sesión ordinaria que se celebre."

Ribeira de Piquín, 12 de maio de 2020.- O Alcalde. Roberto Fernández Rico.

R. 0852